

PREGO TÉCNICO

Artigo 10.2.c) do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

EXECUCIÓN DO "PROGRAMA ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR", POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

1. OBXECTO DO CONCERTO

O "Programa Espazos de Preservación Familiar" consiste nun servizo de intervención para nenos, nenas e adolescentes (NNA) en situación de desprotección leve e/ou moderada e as súas familias, co obxectivo de evitar situacións de desprotección grave que deriven na entrada destes nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección.

O programa abarca todos os factores de risco presentes no contexto familiar (situacións de violencia intrafamiliar, violencia filioparental, separacións de alta conflitividade, contextos familiares monoparentais e calquera outra situación que debilite o sistema familiar).

Este programa ofrece unha intervención familiar integral (psico-socio-educativa) flexible, adaptada a cada sistema familiar, cunha visión sistémica que entende o conflito como oportunidade, actúa sobre o potencial de cambio das persoas e os sistemas, incide na dimensión social e relacional do ser humano e atende aos estados mentais e necesidades emocionais das persoas.

A Convención Internacional dos Dereitos do Neno, no seu artigo 3.2 estipula que "os Estados Partes se comprometen a asegurar ao neno a protección e o coidado que sexan necesarios para o seu benestar, tendo en conta os dereitos e deberes dos seus pais, titores ou outras persoas responsables del ante a lei e, con ese fin, tomarán todas as medidas legislativas e administrativas axeitadas". E no artigo 39 incide en que os Estados Partes deberán adoptar "todas as medidas apropiadas para promover a recuperación física e psicolóxica e a reintegración social de todo neno vítima de: calquera forma de abandono, explotación ou abuso; tortura ou outra forma de tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes; ou conflitos armados. Esa recuperación e reintegración se levarán a cabo nun ambiente que fomente a saúde, o respecto de si mesmo e a dignidade do neno".

O Código Civil determina no seu artigo 110 que o pai e a nai, aínda cando non ostenten a patria potestade, están obrigados a velar polos seus fillos menores e prestarlles alimentos". E no 154 especifica que "os fillos e fillas non emancipados están baixo a patria potestade dos proxenitores... ,[que] se exercerá sempre en interese dos fillos e fillas, de acordo coa súa personalidade, e con respecto aos seus dereitos, integridade física e mental.

Esta función comprende os seguintes deberes e facultades:

- 1.º Velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.
- 2.º Representalos e administrar os seus bens.



- 3.º Decidir o lugar de residencia habitual da persoa menor de idade, que so poderá ser modificado co consentimento de ambos proxenitores ou, no seu defecto, pola autorización xudicial.

Se os fillos ou fillas tivesen suficiente madurez deberán ser oídos sempre antes de adoptar decisións que lles afecten sexa en procedemento contencioso ou de mutuo acordo. En todo caso, garantirase que poidan ser oídas en condicións idóneas, en termos que lles sexan accesibles, comprensibles e adaptados á súa idade, madureza e circunstancias, recabando o auxilio de especialistas cando elo fose necesario.

Os proxenitores poderán, no exercicio da súa función, recabar o auxilio da autoridade”.

A Consellería de Política Social e Xuventude considera prioritario desenvolver proxectos relacionados coa preservación familiar, co obxectivo de evitar situacións de desprotección grave que deriven na súa entrada no sistema de protección.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a nenos, nenas e adolescentes.

A lei 3/2011 de apoio á familia e a convivencia de Galicia establece como principio reitor o recoñecemento, respecto, apoio e protección á familia como medio de transmisión da vida, de solidariedade, de educación e de valores fundamentais e como ámbito privilexiado para o desenvolvemento persoal e o equilibrio emocional e afectivo.

O “Programa Espazos de Preservación Familiar” xorde da constatación do incremento nos últimos anos, do número de nenos, nenas e adolescentes atendidos polos servizos sociais comunitarios que non conseguiron reverter as situacións de desprotección e evitar finalmente a ruptura familiar e o seu ingreso no sistema de protección.

O obxecto do concerto é o desenvolvemento do “Programa Espazos de Preservación Familiar” mediante o cal se lles facilita aos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección leve ou moderada e ás súas familias, apoio terapéutico e educativo coa finalidade de evitar situacións de desprotección grave que deriven na súa entrada no sistema de protección, evitando a separación do neno/a da súa familia

A duración do traballo de intervención do “Programa Espazos de Preservación Familiar” virá determinada pola consecución dos obxectivos protectores e terapéuticos cos NNA e a posta en marcha das melloras ou solucións das dificultades sociais e educativas das súas familias de orixe. Non deberá durar máis do tempo estritamente necesario para atender ás dificultades específicas do NNA. O “Programa Espazos de Preservación Familiar” depende da Consellería de Política Social e Xuventude, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que o supervisa.

Será competencia dos Servizos Sociais comunitarios a determinación dos NNA que precisen ser atendidos nesta modalidade de intervención, así como promover as intervencións coa familia de orixe, valorar á familia e a decisión de dar por rematada



a intervención ou calquera outro aspecto relevante que afecte ao proceso de integración.

Este “Programa Espazos de Preservación Familiar” estará cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus nunha porcentaxe do 60% no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro do obxectivo político 4 “Unha Europa máis social e inclusiva por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais”, prioridade 7 “Garantía infantil”, obxectivo específico ESO4.11. “Mellorar a igualdade e a oportunidade do acceso a uns servizos de calidade, sustentables e alcanzables, incluídos os servizos que propicien o acceso á vivenda e uns coidados centrados nas persoas, especialmente a sanidade; modernizar os sistemas de protección social, especialmente o fomento do acceso á protección social, cunha atención particular aos nenos e os colectivos desfavorecidos; mellorar a accesibilidade, tamén para persoas con discapacidade, a efectividade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria e de dependencia e medida 7.K.02 “Programa de integración e preservación familiar”.

Por tanto, será de aplicación a seguinte normativa específica: Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados; Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) n. 1296/2013 e normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027.

2. DEFINICIÓ DO SERVIZO

O obxecto deste concerto consiste en desenvolver o “Programa Espazos de Preservación Familiar” nas comarcas do Barbanza, O Salnés e Ferrol; en dúas das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, A Coruña e Pontevedra; para o período de vixencia que abrangue dende a data de formalización do concerto ata o 29/02/2028, coa previsión de que entre en funcionamento o 01/03/2024 e con posibilidade de prórrogas ata o 31/12/2029, sempre que exista crédito adecuado e suficiente tanto propio da Comunidade Autónoma como derivado do programa operativo do FSE+.

A preservación familiar está dirixida a cubrir as necesidades básicas dos nenos, nenas e adolescentes e mellorar a súa contorna familiar, educativa, hixiénico sanitaria, nunhas condicións que permitan o seu desenvolvemento integral, mantendo ao neno, nena ou adolescente na súa propia familia. Comprende todas aquelas accións que se han de levar a cabo para manter aos nenos, nenas e adolescentes no fogar cando os responsables do seu coidado, atención e educación, por diversas circunstancias, fan abandono das súas funcións parentais ou fan un uso inadecuado delas, comprometendo ou prexudicando o desenvolvemento persoal e social do neno, pero sen alcanzar a gravidade que xustifique unha medida de separación do neno, nena ou adolescente da súa familia. Iso implica abrir un espazo de prevención e de segunda oportunidade para que as familias, con apoios



adecuados, poidan seguir cumprindo coas súas funcións e asumindo as súas responsabilidades no coidado dos nenos, nenas e adolescentes.

A finalidade do programa é apoiar ao/a NNA no seu núcleo familiar. A súa relevancia deriva do feito de tratarse de un programa de intervención que permite actuar de xeito temperá, nas primeiras fases das situacións que poidan ocasionar dificultade ou risco para os/as NNA. Isto significa que nun gran número de casos se poida evitar a separación dos/as NNA do seu grupo familiar e contorna social de orixe.

Este programa desenvolverase intentando potenciar os recursos e corrixir os déficits existentes nas familias biolóxicas, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e a cobertura das necesidades básicas por parte dos pais e nais.

Son obxectivos específicos:

- Contribuír, a nivel teórico, á adquisición dun coñecemento máis preciso das situacións socio-familiares dos NNA en situación de desprotección leve e/ou moderada e das estratexias de prevención máis axeitadas para cada caso.
- Traballar na procura da mellora do sistema de protección á infancia con dificultades sociais.
- Mitigar os factores de risco, para evitar a separación do/a NNA e da súa familia.
- Capacitar á familia para dar unha correcta atención aos seus/súas fillos/as evitando calquera conduta negligente ou de maltrato, garantindo a súa seguridade e a súa integridade básica.
- Conseguir que a familia funcione de maneira autónoma e adecuada, e os/as NNA teñan unha atención e coidados acordes ás súas necesidades.
- Proporcionar ás familias as habilidades e/ou recursos técnicos necesarios para superar a situación de crise que deu lugar á medida protectora.
- Mellorar a calidade das relacións familiares: relación conxugal, paterno-filial e fraternal.
- Reforzar a capacidade da familia para enfrontarse de maneira eficaz aos problemas e ao manexo das situacións de estrés
- Reforzar na familia, e especificamente nos/as pais/nais, tutores/as, referentes, a súa capacidade de cambio.
- Implicar aos/as pais/nais, referentes, ao/a NNA, a outros membros da familia (cando se valore coma necesario), e ás redes/servizos/profesionais relacionados co





caso, no deseño e o desenvolvemento do plan de intervención.

- Favorecer e potenciar a autonomía nos/as NNA, mediante o desenvolvemento de competencias que favorecerán a súa futura emancipación.
- Dinamizar, coordinar e reforzar os sistemas formais e informais de apoio que a familia dispón ou dos que pode dispoñer na súa contorna.
- Identificar e facer conscientes aos/as pais/nais, referentes dos factores que motivaron a aparición da situación de risco ou desprotección.
- Axudar á familia a reducir o impacto da crise e/ou estabilizar a súa situación. Reducir o nivel de estrés familiar de xeito adecuado e reducir o impacto e número dos factores estresores que lles afectan.
- Promover a intervención e resolución de dificultades relacionais entre os pais/nais, referentes que lles dificultan ou impiden exercer adecuadamente o seu rol parental.
- Reforzar o "escudo" comunitario, evitando cronicidade das situacións, e a entrada no sistema de protección.

Para lograr os ditos obxectivos intervírase nas seguintes áreas:

- Intervención psicosocial
- Orientación vocacional para a inserción social e laboral
- Asesoramento para a promoción de hábitos de vida saudables
- Educación familiar
- Intervención terapéutica
- Asesoramento técnico aos servizos sociais comunitarios na atención aos nenos, nenas e adolescentes e ás súas familias

As obrigas da/s entidade/s en relación co desenvolvemento do programa son as seguintes:

- Poñer a disposición do Programa os locais necesarios para levar a cabo as distintas actividades e intervencións propias do programa.
- Seguir a metodoloxía e procedemento de intervención do proxecto técnico que presente, de acordo coas labores de coordinación establecidas pola Consellería de Política Social e Xuventude.
- Desenvolver as actividades necesarias para a formación do persoal encargado da execución do programa.
- Subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección





Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

- Asegurarse do mantemento do control de calidade en todas as fases de execución do programa.

Os principios que guiarán as actividades e intervencións do programa serán os seguintes:

- Superior interese do neno, nena ou adolescente. Como todas as medidas de protección e intervención coa infancia e adolescencia, no "Programa Espazos de Preservación Familiar" deberá estar sempre xustificado por ser a actuación que mellor atende os intereses concretos de cada NNA en cada momento. Iso implica a protección e garantía dos seus dereitos fundamentais como persoa, consagrados na Convención de Dereitos do Neno e recollidos na lexislación estatal e autonómica española.

- Atención ás necesidades dos NNA como eixo prioritario. O "Programa Espazos de Preservación Familiar", así como os procedementos que se establezan para o seu desenvolvemento, deberán basearse fundamentalmente na súa capacidade para cubrir adecuadamente as necesidades dos NNA.

- Atención integral, individualizada, proactiva e rehabilitadora. A atención do programa aos NNA deberá estar baseada na educación integral do NNA, con especial atención ás súas necesidades intelectuais, afectivas e de relación co seu entorno social. No caso de que se detecten problemas particulares o programa se obriga a prestarlle a intervención especializada que precise.

Resulta preciso que os profesionais do programa realicen unha detección temperá de calquera dificultade que poida obstaculizar o adecuado desenvolvemento das intervencións futuras, así como propor aqueles recursos necesarios para a consideración dos Servizos Sociais Comunitarios.

- O equipo de intervención tratará de que o NNA estea o máis comfortable posible coas actuacións que se lle promovan, á vez que se lle garante un bo trato e reparación da súa confianza nos adultos, e se lle potenciará o seu desenvolvemento persoal e a súa integración social.

- Participación dos/as NNA nas decisións que lles afecten. Como subliña a Convención de Dereitos do Neno, o NNA ten dereito a participar nas decisións que lle afecten. Por isto, é preciso que se conte coa súa opinión ou perspectiva en calquera proceso no que estea implicado dentro do programa, dada a transcendencia que teñen estas decisións para o seu futuro. No desenvolvemento do "Programa Espazos de Preservación Familiar", a participación dos/as NNA debe ser un eixo prioritario do traballo dos profesionais e persoas implicadas, xa que, ademais, do seu dereito, é tamén un obxectivo educativo en si mesmo, xa que con el se lle están a xerar experiencias de carácter persoal e fomentando o desenvolvemento das súas habilidades necesarias para o seu exercicio, á vez que se incrementa o seu nivel de participación nas tarefas e xestións dentro do seu fogar.



- Normalización e especialización. Estes dous conceptos complementarios farán que os/as NNA poidan gozar dunha vida o máis parecida á do resto dos/as NNA que viven coas súas familias, tanto no deseño do ambiente físico, como nas rutinas cotiás e no acceso aos recursos da comunidade. Pero tamén adquirir aqueles coñecementos e destrezas cos que poidan por en marcha os recursos diferenciados, capaces de cubrir as súas necesidades específicas que doutro xeito quedarían desatendidas. Precísase ofrecer á familia de orixe aqueles referentes positivos que lle poidan servir como apoio aos procesos de aprendizaxe, e que favorezan o desenvolvemento natural e potencien os factores de protección fronte aos de risco. Así mesmo potenciarase a creación de redes sociais que constitúan alternativas referenciais diferentes e externas ao contexto do fogar, proporcionando espazos de vida normalizados e, no seu caso, apoios sociais personalizados.

- Transparencia, eficacia e eficiencia. O “Programa Espazos de Preservación Familiar” contará cunha metodoloxía deseñada a partir dun Proxecto Educativo que o contextualice e cunha xustificación e unhas estratexias de afrontamento e abordaxe coherentes e que poidan ofrecer resultados positivos. A entidade concertada incorporará os sistemas de rexistro que se precisen para o control das principais actividades e incidencias que se desenvolvan, secuenciando e monitorizando a evolución dos/as NNA mediante unha avaliación continua.

- Proporcionalidade e intervención mínima: as actuacións basearanse no interese superior do/a NNA e axustaranse ás súas necesidades, polo que as intervencións terán que someterse aos principios de legalidade, necesidade, proporcionalidade e intervención na súa vida escolar, familiar e social, á vez que se asegura a ausencia de praxes e intervencións especializadas sen unha adecuada fundamentación, e que estas non exceden nin o tempo nin a intensidade que require cada caso.

3. POBOACIÓN ATENDIDA POLO SERVIZO

O desenvolvemento do programa realizarase nas comarcas do Salnés, O Barbanza e Ferrol. Prevese que as persoas beneficiarias ascendan a 150 familias (50 en cada comarca) e 240 NNA (80 en cada comarca) entre 0 e 18 anos en situación de risco e/ou desprotección leve e moderada.

Poderán acceder ao programa aquelas persoas nas que se confirmase, por parte dos Servizos Sociais Comunitarios, a existencia dunha situación de desprotección infantil de carácter leve ou moderado, cando se trate de nenas, nenos ou adolescentes residentes en calquera concello das comarcas do Salnés, O Barbanza e Ferrol, así como os proxenitores ou outros membros do grupo de irmás/ns que convivan cando así se determine.

- NNA e familias en situación de vulnerabilidade ou risco de desprotección, é dicir, aquelas situacións nas que os/as NNA, tendo as súas necesidades básicas satisfeitas e non encontrándose os pais, nais ou persoas de referencia, incapacitadas ou imposibilitadas para exercer os deberes de protección, viven e se desenvolven en contextos familiares ou sociais, nos que as condicións poden provocar un dano a corto, medio ou longo prazo, no seu benestar e desenvolvemento. É dicir:

- Familias nas que o/a NNA aínda non sufriu dano significativo, pero podería sufrilo no futuro se non hai intervención e se valora que o apoio que poda facerse dende os



servizo sociais de base non é suficiente para evitar a dita situación, precisando da intervención de profesionais especializados cun contacto intensivo coa familia.

- Contornas familiares nas que haxa pautas de trato e coidado inadecuado cara o neno, nena ou adolescente, sen que se cheguen a dar situacións de desprotección que requiran a intervención do sistema de protección á infancia e á adolescencia, máis se puidesen desembocar en situacións de risco de desprotección no caso de agravarse a situación, sendo o espazo de preservación familiar un apoio no proceso de normalización familiar.

O programa pretende atender a NNA, cunha idade comprendida entre os 0 e os 18 anos, así como ás súas familias de orixe, nos casos nos que os equipos técnicos dos serizos sociais comunitarios consideran que un conxunto de intervencións técnico-profesionais poden contribuír a reducir aqueles factores de risco que impiden ou poñen en perigo a convivencia daqueles coas súas familias.

Deste xeito, a poboación atendida presenta as características seguintes:

- Presentan dificultades importantes (individuais, familiares ou sociais) en diferentes etapas do ciclo vital da familia que supoñen a acumulación de factores de risco para a correcta atención das necesidades dos/as NNA.

- Carecen de apoio social para facer fronte a cargas familiares excesivas.

- Son familias multiproblemáticas que ademais de ter prácticas parentais inadecuadas, teñen outros problemas asociados.

- Os problemas que presentan soen estar cronificados, froito dunha evolución na que se vai aumentando progresivamente a gravidade.

- Polo xeral, previamente se tentou solucionar os seus problemas dende distintos servizos comunitarios sen éxito. Precisa dunha intervención máis específica e especializada.

En moitos casos, existe una dependencia dos Servizos Sociais nos que buscan a solución ao seus problemas, en lugar de procurar una forma de funcionamento autosuficiente.

- Os pais e nais non soen ter consciencia clara da súa problemática nin asumen a súa responsabilidade no abuso ou maltrato, desconsiderando as repercusións negativas que terán nos seus/súas fillos/as estas situacións

- Na maioría dos casos a motivación para participar no tratamento obedece a presións externas.

- Unha das características máis significativas nestas familias é a dificultade dos pais e nais para asumir as súas responsabilidades, tanto nos coidados dos seus/súas fillos/as como en outras áreas: laboral, económica, etc.

- Soen presentar limitacións ou peculiaridades que poden determinar o tipo de estratexias ou técnicas de tratamento a utilizar. A intervención pode verse condicionada pola situación sociocultural, as dificultades económicas ou as limitacións intelectuais.



4. CONTIDOS DO “PROGRAMA ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR”

As fases nas que se desenvolverá o programa son as seguintes:

- Primeira: Fase de detección dunha situación de risco polos Servizos Sociais
- Segunda: Fase de derivación. A entidade adxudicataria recibirá a derivación que efectúen dende os Servizos Sociais Comunitarios.

É fundamental que os servizos derivantes fagan unha investigación e avaliación da situación de risco e desprotección infantil, que determine o grao de risco (leve ou moderado) e derivar ao programa ás familias coa aceptación por parte da mesma.

Xunto coa derivación, remitirase a información necesaria e oportuna sobre o caso derivado (composición do núcleo familiar, motivo do expediente, situación actual do caso, área de intervención...).

- Terceira: Alta no programa, recepción das familias: O equipo de integración da entidade deberá presentarse á familia, designar ao persoal técnico responsable do caso e documentar o consentimento para o tratamento de datos persoais da familia.
- Cuarta: Fase de análise: análise minuciosa da situación, contemplando a conxunción de factores de risco, de protección, vulnerabilidade e resiliencia e todo iso a través de instrumentos axeitados.
- Quinta: Elaboración e aplicación do Plan de preservación familiar: En función da avaliación específica, da problemática de cada familia elabórase un plan de preservación familiar que incidirá en diferentes aspectos en función das debilidades, fortalezas, vulnerabilidades e resiliencia da familia, pero que en todo caso sempre terá os seguintes compoñentes:

1. Capacidades e competencias parentais
2. Competencias persoais
3. Resiliencia parental
4. Resiliencia familiar
5. Intervención comunitaria con outros sistemas implicados (escola, servizos sanitarios, sociais,...)

O plan establecerá a estratexia de intervención que seguirá o equipo da entidade, os obxectivos, áreas de intervención, resultados esperados e procedementos e prazos de revisión dos obxectivos e do propio plan de actuación. Este plan será consensuado coa familia para garantir a máxima colaboración e proactividade.

- Sexta: Fase de intervención. A intervención terá como finalidade aplicar as estratexias e técnicas necesarias para mellorar o funcionamento familiar e persoal, xerando cambios en toda a estrutura e dinámica familiar, de xeito que se consiga unha contorna familiar protectora para os/as fillos/as, conforme aos obxectivos fixados.

Os tipos de intervención que se aplicarán son os seguintes:

- Intervención Psicosocial: ten por obxecto achegar estratexias que melloren o funcionamento persoal, familiar e social.



- Atención Infantil: ten por obxecto garantir a convivencia familiar dos nenos e nenas en condicións de seguridade, estabilidade e afecto.
- Educación Familiar: ten por obxecto a adquisición por parte das familias de habilidades e hábitos imprescindibles para cubrir as necesidades dos nenos e nenas.
- Terapia familiar: ten por obxecto axudar a solucionar problemas psicolóxicos, relacionais e condutuais das persoas participantes no programa.
- Apoio familiar: ten por obxecto proporcionar reforzo suplementario ás familias a través de acción de reforzo personalizado segundo as necesidades, a modo de apoio escolar ou respiro familiar, prestado por persoal voluntario da Fundación Meniños.

Sétima: Seguimento de actuacións. Unha vez posta en marcha a intervención, establecerase un procedemento de vixilancia e seguimento do Plan de Preservación Familiar para garantir que se cumpran os obxectivos sinalados e que todas as intervencións se axustan aos obxectivos propostos.

O seguimento sobre o Plan de Preservación Familiar (PPF) deberá ser como mínimo trimestral. Coa periodicidade que se fixe, a persoa responsable do equipo de traballo revisará o grao de cumprimento dos obxectivos recollidos e as actuacións que se levaron a cabo para acadalos, establecendo os mecanismos de corrección e fixación de novos obxectivos de ser necesario. Este seguimento quedará reflectido nos formularios e rexistros correspondentes, que se remitirán ao correspondente equipo dos Servizos Sociais Comunitarios.

A entidade adxudicataria do concerto elaborará unha memoria técnica anual, segundo o modelo establecido no Anexo VII da resolución de convocatoria do concerto social polo que se regula este servizo, que se remitirá ao Servizo de Protección de Menores da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Ademais, o equipo do "Programa Espazos de Preservación Familiar" elaborará e remitirá os informes puntuais que lle soliciten os equipos dos Servizos Sociais Comunitarios.

Oitava: Informe final. Rematada a intervención, elabórase o informe final que conterá a síntese do traballo realizado no PPF: valoración da consecución dos obxectivos establecidos, cumprimento co plan de traballo, situación familiar actual e grao de protección en que se atopan os/as NNA e valoración global emitida pola persoa responsable do caso. Este informe enviarase ao correspondente equipo dos Servizos Sociais Comunitarios.

O período de intervención máximo con cada familia e de 2 anos. Excepcionalmente, pódese prolongar a intervención con familias que, superado este prazo, están próximas a un funcionamento autónomo ou con apoios normalizados.

5. MEDIOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZOS

Locais e Equipamento:

A entidade adxudicataria facilitará a totalidade dos medios e materiais necesarios para facilitar unha atención adaptada ás condicións do servizo, entre os que se atopan o/os local/locais, material informático, telefónico... adecuados para o desenvolvemento das súas funcións.

Os locais destinados ao Espazo de Preservación Familiar contarán con diferentes espazos que se adapten ás necesidades dos nenos, nenas e adolescentes, salas de estudo/ludoteca, espazos adaptados ás reunións coas familias, aos obradoiros e ás



intervencións individuais e grupais. Ademais, contará con baños e unha zona destinada a despacho do equipo educativo.

Por outra banda co fin de facilitar as tarefa dos profesionais que interveñen no Espazo de preservación familiar, traballarase con bases de datos informatizadas centralizando deste xeito a documentación coa finalidade de axilizar a xestión documental cumprindo coa Lei de protección de datos.

Os espazos deberán ser accesibles coa fin de que poidan ter acceso familias e NNA con diversidade funcional.

Desprazamentos e axudas de custo:

Todos os gastos derivados de desprazamentos e dietas correran a cargo da entidade adxudicataria.

Marco de actuación:

A entidade adxudicataria deberá garantir o cumprimento dos procedementos establecidos pola Administración da comunidade autónoma de Galicia así como a normativa que afecte ao servizo.

Medios humanos:

Os medios persoais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da entidade adxudicataria, que deberá poñer a disposición do servizo o persoal necesario e coa adecuada preparación técnica, de acordo coas indicacións contidas neste prego, para a atención dos e das NNA e as súas familias de orixe, que son obxecto deste concerto.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá exercer en calquera momento a comprobación do cumprimento das ratios de persoal da entidade vinculada ao contrato, mediante o requirimento dos documentos de Relación nominal de traballadores, ou ben mediante a comprobación sobre o terreo a través dos seus servizos de inspección.

A entidade adxudicataria deberá atender debidamente as necesarias substitucións de persoal do equipo técnico en caso de baixa, vacacións, licenzas, etc.

O persoal que forme parte do equipo técnico deberá, de acordo co artigo 57 da L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia, certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

Crearanse tres espazos de preservación familiar. Cada espazo contará como mínimo co seguinte equipo interdisciplinar:

- 1 Profesional responsable de Coordinación
- 2 Profesionais con titulación en Psicoloxía
- 4 Profesionais graduados en Educación social
- 1 Profesional técnico de integración social (TIS)
- 1 Profesional con titulación de Grao universitario en maxisterio de educación primaria
- 1 Profesional con Titulación de Grao universitario co Master universitario en formación do profesorado para secundaria, ou equivalente.



A dedicación do equipo será a xornada completa, a excepción daqueles profesionais en maxisterio de educación primaria e master en formación de profesorado de secundaria, que terán unha dedicación de media xornada, e a persoa responsable de coordinación que será unha única persoa para os tres espazos.

A. Coordinador/a: Ten baixo a súa responsabilidade a supervisión e xestión directa do persoal adscrito ao programa. É o/a encargado/a de coordinar o equipo de traballadores/as e constitúe a persoa interlocutora cos servizos da Administración. Contará cunha titulación adecuada do ámbito social, entre as que se contan as de Psicoloxía, Educación social, Pedagogía ou Traballo Social.

As súas funcións, entre outras, serán as de:

- Cumprir as instrucións, directrices e resolucións que a Entidade Pública dite ao respecto.
- Dirixir e coordinar os servizos prestados pola entidade en relación a este programa e supervisar as tarefas do persoal vinculado ao servizo de xeito que se garanta a interdisciplinariedade e a calidade da intervención.
- Planificar e supervisar a intervención educativa.
- Controlar que as instalacións e materiais para a realización do traballo do programa sexan os adecuados e que estean en bo estado para o desenvolvemento das actividades.
- Asegurar que os profesionais e equipos de traballo do programa cumpran coa normativa vixente, as directrices e instrucións das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social e Xuventude e da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, así como coas normas de funcionamento interno do servizo.
- Responsable da supervisión da evolución do traballo no espazo de preservación familiar e do acompañamento ao equipo psico-socio-educativo co fin de manter un adecuado clima laboral que redunde na mellora das funcións de cada persoa e fomento da formación continua do equipo humano do proxecto.
- Velar polo cumprimento dos dereitos das persoas usuarias e dos seus proxectos educativos individuais.
- Garantir o proceso e tratamento adecuado das queixas, reclamacións ou suxestións de mellora formuladas polas persoas usuarias do servizo.
- Coordinar o persoal e os equipos do programa co equipo Servizos Sociais Comunitarios e, se fose o caso, cos equipos e profesionais doutros programas nos que participe a nena, neno ou adolescente, para garantir e mellorar a eficacia da intervención.
- Asistir ás reunións, entrevistas ou actos procesuais aos que sexa convocada pola Administración.
- Responsable da elaboración da documentación xeral do proxecto (protocolos de funcionamento e procedementos do proxecto, memorias, informes trimestrais, incidencias, propostas de mellora) e da xestión do equipo humano (cargas de traballo, quendas, cuadrantes horarios, imprevistos, ...).
- Velar polo cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como o Regulamento (UE) 2018/1725 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2018, relativo á protección das persoas



físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais polas institucións, órganos e organismos da Unión, e á libre circulación de eses datos, e polo que se derrogan o Regulamento (CE) nº 45/2001 e a Decisión nº 1247/2002/CE e demais disposicións vixentes sobre a materia.

- Calquera outra que veña establecida na normativa aplicable.
- Debe ter experiencia e coñecemento actualizado en intervención familiar e intervención psico-socio-educativa con persoas en situación de vulnerabilidade social, e dispoñer de experiencia en coordinación de equipos de traballo.

B. Área Administrativa: O persoal adscrito á área administrativa realizará funcións de apoio administrativo, contable e fiscal no ámbito do programa, e xestionará e arquivará a documentación da que sexa responsable.

C. Espazo de Preservación Familiar: Terá carácter multidisciplinar e estará formado por psicólogos/as, educadores/as sociais, traballadores/as sociais, persoal técnico de integración social, maestro de educación primaria, profesor de educación secundaria e/ou pedagogos/as.

Intervirá na supervisión dos casos; será o encargado de deseñar e supervisar as intervencións en cada caso, segundo o Plan de Preservación Familiar. As súas serán funcións de apoio técnico e supervisión das actuacións postas en marcha con cada NNA e as súas familias.

Este equipo técnico interdisciplinar e multidisciplinar, será o encargado de realizar intervencións individuais, grupais e terapéuticas que perseguen:

- Intervir coa familia de orixe, baixo as indicacións dos técnicos dos Servizos Sociais Comunitarios, facilitándolle o apoio psicolóxico, emocional, familiar, social e as capacidades e habilidades parentais que precise.
- Seguimento do proceso e da evolución .
- Poñer en contacto ás familias participantes no programa cos distintos recursos sociais e económicos do seu ámbito coa finalidade de que poidan cubrir as súas necesidades específicas, e que, doutro xeito, quedarían desatendidas.
- Ofrecer á familia de orixe aqueles referentes positivos que lle poidan servir como apoio aos procesos de aprendizaxe, e que favorezan o desenvolvemento natural e potencien os factores de protección fronte aos de risco.
- Potenciar nas familias a creación de redes sociais que constitúan alternativas referenciais diferentes e externas ao contexto do fogar, de forma que lles proporcionen espazos de vida normalizados e apoios sociais personalizados.
- Seguir unha metodoloxía deseñada a partir da contextualización e das estratexias de afrontamento e abordaxe coherentes para que as familias poidan obter resultados positivos.
- Incorporar todas as actividades e intervencións que desenvolvan coas familias aos sistemas de rexistro que se precisen para o control e seguimento das súas actuacións e para toma de decisións futuras.
- En calquera caso, a proporcionalidade das súas intervencións serán as mínimas e tendo en conta o interese superior do NNA e o axuste as necesidades deste e da súa familia.
- Todas as intervencións realizadas polo equipo someteranse aos principios de legalidade, necesidade de intervención na súa vida escolar, familiar e social, á vez



que se lles asegura as familias a ausencia de praxes e intervencións especializadas sen unha adecuada fundamentación, e que estas non excederán en ningún momento a intensidade que require cada caso.

- Axudar a facer fronte ás complicacións.
- Ofrecer orientacións sobre habilidades de coidado e comprensión do significado dos comportamentos.
- Por en marcha actividades de capacitación parental.

As función específicas de cada categoría profesional integrada no equipo interdisciplinar serán as seguintes:

Funcións do psicólogo/a:

- Desenvolvemento das intervencións terapéuticas e de apoio psicolóxico cos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias, propias do espazo de preservación: intervención terapéutica individual, familiar e grupal.
- Realización da avaliación psico-social, familiar e individual para establecer un plan de preservación familiar interdisciplinar cos obxectivos e estratexia de intervención segundo o caso.
- Elaboración, execución e seguimento do Plan de Preservación Familiar de cada neno, nena, adolescente e familia, coa colaboración do resto de profesionais.
- Elaboración dos informes, rexistros e documentación derivados da intervención e seguimento da mesma.
- Orientación e asesoramento especializado ao resto de profesionais que forman o equipo multidisciplinar dos Espazos de Preservación Familiar.
- Traballo coordinado co resto do equipo.
- Coordinación co resto de axentes e servizos sociais, educativos, de saúde e comunitarios en torno ás familias.
- Elaboración e execución de programas psicolóxicos tanto individuais como grupais cos/as NNA.
- Elaboración de informes psicolóxicos que faciliten información sobre as actuacións a desenvolver polos outros técnicos do equipo na súa aplicación do programa individualizado.
- Achegar a perspectiva psicolóxica a aqueles profesionais ou integrantes de equipos externos que deban facer algún tipo de intervención co NNA
- Todas aquelas que así se establezan de acordo á actividade laboral da súa especialidade.

Funcións do pedagogo/a:

- Valoración da situación educativa de cada neno, nena ou adolescente de forma individualizada.
- Valoración da situación socioeducativa dos compoñentes habituais das familias.
- Elaboración e emisión de informes técnicos sobre os nenos, nenas e adolescentes e os compoñentes habituais das súas familias relativos ao seu traballo.
- Participación e asesoramento na realización das adaptacións curriculares e o apoio aos docentes dos nenos, nenas ou adolescentes.



- Responsabilización do proceso de ensino-aprendizaxe dende o recurso de vida cotidiana.
- Conveniencia e utilización dos materiais educativos na intervención.
- Asesoramento e apoio á toma de decisións do resto dos compoñentes do equipo técnico e do seu coordinador.
- Orientación e supervisión dos proxenitores no desenvolvemento nos rois parentais de forma positiva dende o punto de vista educativo.
- Favorecer a asunción de responsabilidades e competencias sociofamiliares dos NNA para mellorar a súa adaptación e a súa reintegración familiar.
- Elaboración e execución de programas educativos tanto individual como grupal cos nenos, nenas ou adolescentes.
- Elaboración de informes pedagóxicos que faciliten información sobre as actuacións a desenvolver polos outros técnicos do equipo na súa aplicación do programa individualizado.
- Coordinación con outros especialistas externos, como o mestre ou educador social, no proceso de avaliación e intervención cos nenos, nenas ou adolescentes que así se requiran.
- Achegar a perspectiva pedagóxica a aqueles profesionais ou integrantes de equipos externos que deban facer algún tipo de intervención co NNA.
- Todas aquelas que así se establezan de acordo á actividade laboral da súa especialidade.

Funcións dos/as educador/as sociais

- Desenvolvemento das intervencións socio-educativas cos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias propias do espazo de preservación familiar: acompañamento e apoio educativo, orientación familiar e persoal, de xeito grupal e individual.
- Realización da avaliación socio-educativa familiar e individual para establecer un plan de preservación familiar interdisciplinar cos obxectivos e estratexia de intervención segundo o caso.
- Elaboración, execución e seguimento do Plan de Preservación Familiar de cada neno, nena, adolescente e familia, coa colaboración do resto de profesionais.
- Elaboración dos informes e rexistros e documentación derivados da intervención e seguimento da mesma.
- Colaboración na elaboración de proxectos e programas de intervención educativa específicos en función das necesidades dos nenos, nenas, adolescentes e familias.
- Traballo coordinado co resto do equipo.
- Coordinación co resto de axentes e servizos sociais, educativos, de saúde e comunitarios en torno ás familias.
- Xeración de redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais para os proxenitores e os seus fillos/as.
- Mediación social, cultural e educativa entre a familia e o su contexto social.
- Participación nas reunións de coordinación co resto de equipo técnico e directivo.
- Participación na realización das avaliacións individuais, programacións



individuais, seguimentos mensuais e avaliacións finais.

- Realización de informes sociais a pedimento doutras entidades ou institucións.
- Solicitude de subvencións e axudas.
- Todas aquelas que así se establezan de acordo á actividade laboral da súa especialidade.

Funcións dos/as traballadores/as sociais

- Tramitación e seguimento das prestacións individuais, como apoio nos procesos de desenvolvemento das capacidades persoais e de inserción social no medio.
- Entrevistas cos nenos, nenas e adolescentes e as súas familias para observar a evolución dos distintos casos.
- Detección e prevención de situacións de risco ou de exclusión social da familia e os seus fillos.
- Recepción e análise das demandas e necesidades da familia e dos seus fillos
- Relación da familia e os seus fillos con entidades, institucións e outros servizos da súa contorna que lles xeren a súa integración social.
- Elaboración, seguimento e avaliación do plan conxunto de traballo do equipo técnico.
- Información, orientación e asesoramento, das prestacións e os recursos sociais do territorio que poden facilitar a acción socioeducativa.
- Tramitación de propostas de derivación a outros profesionais, servizos municipais ou servizos especializados, de acordo cos membros do equipo técnico.
- Elaboración dos informes socio-familiares das súas intervencións.
- Xestionar a documentación social.
- Participación nas reunións de coordinación co resto de equipo técnico e directivo.
- Participación na realización das avaliacións individuais, programacións individuais, seguimentos mensuais e avaliacións finais.
- Realización de informes sociais a pedimento doutras entidades ou institucións.
- Solicitude de subvencións e axudas.
- Todas aquelas que así se establezan de acordo á actividade laboral da súa especialidade.

Persoal Técnico de integración social

- Deseño, desenvolvemento e seguimento dos procesos de inserción socio-laboral e ocupacional, busca de formación... tanto do público adolescente como das persoas adultas das familias usuarias do recurso.
- Colaboración na execución do Plan de Preservación familiar, en coordinación co resto dos profesionais que conforman o equipo multidisciplinar do Espazo de preservación familiar, realizando tarefas auxiliares, complementarias e de apoio á labor destes.
- Elaboración dos informes e rexistros e documentación derivados da intervención e seguimento da mesma.
- Traballo coordinado co resto do equipo.



- Coordinación co resto de axentes e servizos sociais, educativos, de saúde e comunitarios en torno ás familias.

Grao universitario en maxisterio de educación primaria e Grao universitario correspondente, co master universitario en formación de profesorado, ou titulación equivalente, para educación secundaria

- Apoio educativo e seguimento da evolución escolar dos nenos, nenas e adolescentes do espazo de preservación familiar: creación e adaptación de recursos pedagóxicos, organización e desenvolvemento do apoio educativo.

- O persoal docente con grao universitario en maxisterio de educación primaria, dedicarán a súa intervención a nenos e nenas menores de 12 anos ou que estean cursando ata 6ª de primaria. O persoal docente con grao universitario e master en formación de profesorado, intervirán con rapaces maiores de 12 anos ou que estean escolarizados en centros de educación secundaria.

- Colaboración na execución do Plan de Preservación familiar, en coordinación co resto dos profesionais que conforman o equipo multidisciplinar do Espazo de preservación familiar, realizando tarefas auxiliares, complementarias e de apoio á labor destes.

- Elaboración dos informes e rexistros e documentación derivados da súa intervención e seguimento da mesma.

- Traballo coordinado co resto do equipo.

- Coordinación cos axentes educativos externos onde cursen estudos os rapaces e rapazas.

6. RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E A ENTIDADE ADXUDICATARIA

Coordinación con servizos sociais comunitarios:

Reunións con achega de documentación entre a persoa coordinadora do espazo de preservación e a responsable dos servizos sociais comunitarios do territorio onde opera o programa, para o seguimento das actuacións:

- **Mensualmente:** reunión de coordinación con achega de información de todas as familias do programa.
- **Trimestralmente:** informe trimestral de familias atendidas, e familias en activo con datos sociais e demográficos para seguimento da evolución do programa.
- **Anualmente:** achega da Memoria da evolución do servizo durante o mes de xaneiro posterior ao ano do que se trate, na que se realizará unha análise de proceso e de resultados da intervención ao longo do ano.
- **Puntualmente:** cando se estime necesario, coordinación presencial, telefónica ou vía correo electrónico para resolver calquera cuestión relacionada co desenvolvemento do programa, así como asesoramento técnico na atención aos nenos, nenas, adolescentes e as súas familias.

Coordinación co SPM

O obxectivo xeral deste programa é evitar na medida do posible a entrada de nenos e nenas no sistema de protección actuando a nivel preventivo cando os servizos



comunitarios detecten un risco baixo ou moderado. Deberase manter un canal fluído de información que permita ao SPM coñecer a evolución do programa:

- Trimestralmente: informe trimestral de familias atendidas, e familias en activo con datos sociais e demográficos para seguimento da evolución do programa.
- Anualmente: achega da Memoria da evolución do servizo durante o mes de xaneiro posterior ao ano do que se trate, na que se realizará unha análise de proceso e de resultados da intervención ao longo do ano.

7. AVALIACIÓN

Ao longo da intervención nos Espazos de preservación familiar, recadarase de forma sistemática datos avaliativos, tanto das familias como dos/as NNA atendidos/as, como dos recursos utilizados e das actividades.

Elaborarase unha análise de perfil das familias atendidas, que recollerá, entre outros: estrutura familiar, idades das persoas proxenitoras e dos nenos e nenas, nº de fillos/as, tipoloxía de familias, problemática, nivel de estudos, nivel formativo, nivel de ingresos, situación laboral, situación de vivenda, ocupación, etc.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

Jacobo José Rey Sastre

